

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA CELEBRACIÓN DO ENCONTRO DE ARTES NOVAS CIDADE DA CULTURA 2026

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, DECLARA:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 26 de maio de 2026 coa FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista desde o día da súa sinatura ata o 4 de setembro 2026, data límite para a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do presente convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente Convenio é regular os termos e condicións da colaboración económica da Fundación BS no Encontro de Artistas Novos que organiza a Fundación Cidade da Cultura do 1 ao 4 de setembro de 2026.

O EAN 2026 concíbese como un tempo de convivencia, intercambio e retroalimentación entre artistas, investigadores, investigadoras e profesionais do sector cultural.

Durante varios días, os e as 28 artistas emerxentes comparten procesos de traballo, metodoloxías e preguntas ao redor da práctica artística contemporánea nun contexto que favorece a escoita, a interlocución e a reflexión colectiva.

O programa articúlase a través dunha serie de dispositivos de encontro que combinan presentación pública de proxectos, conversacións con artistas e espazos de traballo compartido. Estes formatos están pensados para activar relacións entre prácticas diversas e para abrir contextos de aprendizaxe mutua entre participantes.

Esta edición presta especial atención ás prácticas situadas na intersección entre arte e tecnoloxía, favorecendo a cooperación e a transferencia de coñecemento, e promove a 1ª convocatoria da RESIDENCIA ARTÍSTICA EAN, deseñada para adaptarse ás necesidades das



persoas beneficiarias da mesma, proporcionando acompañamento e recursos para o desenvolvemento individual e colaborativo dos proxectos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural. Conforme ao previsto no artigo 7.d) dos estatutos constitúe unha das súas actividades fundacionais; "D) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base."

Pola súa parte, FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL, ten como misión promover a cultura e as artes, a investigación e a educación. Foi creada en 1994 como expresión do compromiso de Banco Sabadell co progreso e o benestar das persoas e coa visión de ser un referente e un actor de cambio e innovación, ao servizo do interese xeral e a cohesión social, mediante a promoción da excelencia, a creatividade e a innovación, con especial interese no impulso ao talento novo.

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia recibirá a achega da FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL de 20.000 euros co obxectivo de dotar a actividade organizada por parte da Fundación Cidade da Cultura.

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA destinará a axuda aos gastos do EAN e publicitará a colaboración.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

